

Compromiso de Cumprimento da Normativa de Alimentación. Revisión 2/2007

Especificacións relativas aos pensos autorizados para a alimentación dos animais inscritos na Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega.

Norma xeral.

Os concentrados deberán conter:

- Un mínimo dun 60% de gran de cereais en exclusiva, ou
- Un mínimo do 65 % de grans de cereais xunto cos seus produtos e subprodutos.

Para os concentrados destinados ás primeiras idades, quedan establecidas as seguintes porcentaxes:

- Un mínimo dun 55% de gran de cereais en exclusiva, ou
- Un mínimo do 60 % de grans de cereais xunto cos seus produtos e subprodutos.

I. Prohibicións referidas aos grupos descritos na lista do anexo II do R.D. 56/2002.

1. Grans de cereais, os seus produtos e subprodutos.

Prohíbense: arroz e millo miúdo (*mijo*).

Establécense as seguintes limitacións de incorporación á ración para os grans secos de destilería con solubles (DDGS):

- DDGS: ata un límite máximo do 15 % de incorporación.

Tamén se prohiben aqueles procesos, sobre todo químicos, que poidan deixar residuos nos produtos e que afecten á saúde dos animais e á calidade do produto final.

2. Sementes oleaxinosas, froitos oleaxinosos, os seus produtos e subprodutos.

Prohíbense: semente de algodón, colza, cacahuete e bagazo de oliva.

3. Sementes de leguminosas, os seus produtos e subprodutos.

Prohíbense: veza gran ou forraxeira importada e pedrelo (*almorta Lathyrus sativa*)

4. Tubérculos, raíces, os seus produtos e subprodutos.

Prohíbense: mandioca e *viñazas* de remolacha.

5. Outras sementes e froitas, os seus produtos e subprodutos.

Prohíbense: polpas.

6. Forraxes.

Neste grupo non hai prohibicións.

7. Outras plantas, os seus produtos e subprodutos.

Prohíbense: *viñazas* de cana de azucre.

8. Produtos lácteos.

Prohíbense: leites que conteñan calquera subproduto de orixe animal.

9. Produtos de animais terrestres.

Prohibidos totalmente.

10. Pescados, outros animais mariños, os seus produtos e subprodutos.

Prohibidos totalmente.

11. Minerais.

Segundo a lexislación vixente.

12. Produtos diversos.

Segundo a lexislación vixente.

II. Outras prohibicións e recomendacións.

▪ **Fontes de nitróxeno non proteico.**

Prohíbense: urea e sales amoniacaís, *viñazas* e esterco de aves (*gallinazas*).

▪ **Complementos vitamínico-minerais.**

Admítense aquelas vitaminas e minerais que sexan necesarios para balancear a ración, para que os animais non teñan ningunha deficiencia ou carencia nutricional que poida afectar a súa saúde e normal crecemento, segundo a súa potencialidade xenética.

▪ **Aditivos**

Prohíbese: monensina.